

Por tratarse dunha folga indefinida os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a axeitada cobertura dos servizos esenciais de asistencia sanitaria, para os efectos de evitar que se lle produzan graves prexuízos á cidadanía que, respectando o exercicio do dereito á folga, baixo ningún concepto pode quedar desasistida polas características do servizo dispensado.

Establécense os seguintes criterios reitores na determinación do persoal necesario para o mantemento dos servizos esenciais:

-Unha cobertura do 100% respecto da atención urxente prestada a través das ambulancias asistenciais do 061.

-O 100% dos servizos de transporte para enfermos que requiran tratamentos ambulatorios continuados de oncoloxía e diálise. No resto de pacientes ambulatorios, os vehículos necesarios para a realización de tratamentos, consultas externas e probas, no caso de que o paciente necesite padiola, ou o seu estado xeral así o aconselle, a xuízo do facultativo prescriptor, e non será o número de vehículos inferior ao 50% dos que fan a cobertura habitual.

Artigo 2º

A determinación dos profesionais necesarios para cubrir os servizos esenciais con base nos criterios anteriores faraa a dirección do centro respectivo, mediante a designación nominal e individual do dito persoal.

Deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios do centro, con antelación ao comezo da folga.

A/o profesional designado como servizo mínimo, que desexe exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outra/o profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

No expediente de determinación de mínimos de cada centro, dispoñible para xeral coñecemento do persoal destinatario, deberá quedar constancia dos criterios e xustificación ponderados para determinar os ditos servizos.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllense, o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir a xornada de folga.

Artigo 3º

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo, así como os expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle reconece ao persoal nesta

situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Artigo 5º

Sen prexuízo do establecido nesta orde, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos servizos sanitarios. Os altercados ou incidentes que se produzan serán obxecto de sanción con base nas normas vixentes.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2010.

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

	Servizos mínimos persoal		
	Mañá	Tarde	Noite
De luns a venres (agás festivos)	3	3	2
Fin de semana e festivos	2	2	2

Cadro de presenzas de vehículos.

Presenzas	Franxa horaria	Tipo I	Tipo II	Tipo III	Tipo IV
De luns a venres (agás festivos)	7.00 h-19.00 h	1	0	0	0
Todos os días	24.00 h	0	1	0	0

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 15 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a concesión de subvencións á promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

De acordo coas atribucións que lle asigna o marco competencial, a Consellería de Cultura e Turismo, na procura da calidade da documentación impresa en forma de libro en Galicia, apoia aqueles proxectos que procuran a excelencia, incluídos os novos sportes de edición.

Consonte isto, establécense unha liña de axudas específica para o eido dos grandes proxectos editoriais, de xeito que o catálogo de publicacións galegas tenda a cubrir este capítulo de calquera cultura moderna, con obras realizadas directamente na nosa lingua ou coa tradución do máis selecto da oferta mundial nos diferentes eidos.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Turismo quere, con esta orde, establecer un instrumento que, consonte a normativa legal vixente, marque as pautas para unha distribución, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao libro, axustada ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación a que se axusta esta disposición.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas á produción editorial para apoiar a promoción, produción do libro galego, na edición tradicional e nos novos soportes, no que atinxe á realización dos grandes proxectos editoriais.

2. Enténdese por gran proxecto a planificación ou plan de realización que procura a excelencia, tanto polo que respecta á presentación formal, xa sexa polos propios contidos, cando precisen unha atención e unha disposición de medios especialmente custosa para as editoriais que os afronten, ou se plasmen en obras de importancia para o crecemento intelectual de Galicia, e de difícil comercialización no mercado xeral.

3. Non se consideran grandes proxectos as coleccións integradas por títulos independentes que individualmente carezan das características sinaladas no parágrafo anterior.

4. Quedan excluídos desta orde os proxectos multimedia que non respondan a textos de carácter creativo, científico ou de consulta e que ofrezan contidos lúdicos interactivos ou artes narrativas de carácter fílmico.

5. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. No desenvolvemento desta orde aplicarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

d) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega.

E, supletoriamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico, que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.

g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.432A.770.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, por un importe de 150.000 euros e, con cargo aos orzamentos de 2011, a cantidade de 150.000 euros, sen prexuízo de que este orzamento inicial poida ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O importe de cada subvención establecerase, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, ata un máximo de 60.000 euros por beneficiario, nunha cantidade equivalente ao 75% do prezo de venda ao público para un máximo de 500 exemplares. A contía fixada na resolución poderá revisala á baixa o órgano responsable da concesión da axuda, se o prezo de venda ao público non concorda co inicialmente declarado na solicitude.

3. Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que o importe total que percibirá o beneficiario non supere a porcentaxe máxima do investimento.

Artigo 3º.-*Requisitos dos beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas axudas todas aquelas entidades que acrediten a súa condición de editoras, coas limitacións que establece o punto seguinte, e que cumpran o previsto no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non poderán beneficiarse das axudas recollidas nesta orde aquelas persoas xurídicas que se atopen nos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que se desexen acoller a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Presentarase unha solicitude por cada obra, no modelo normalizado que se publica como anexos I e II a esta orde, subscrita polo representante legal da entidade debidamente acreditado e dirixirase á Consellería de Cultura e Turismo, e poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do CIF da entidade e do NIF do representante. Se é unha editorial estranxeira, deberán enviar a documentación identificativa propia do seu país.

b) A acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia da escritura pública de constitución ou modificación, de ser o caso, da sociedade, e do poder notarial correspondente, ambos os documentos debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, se non é sociedade mercantil.

c) Unha fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas ou certificado de exención, se proceder.

d) Unha certificación orixinal da conta bancaria onde conste como titular a empresa solicitante.

e) O catálogo actualizado da produción realizada pola editorial.

f) O calendario de investimentos para desenvolver cada proxecto editorial.

g) Características técnicas e memoria explicativa do proxecto de edición.

h) Se for o caso, unha copia do contrato que a editorial asinaría co autor ou autores da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.

i) Previsión de tiraxe e prezo de venda ao público (IVE incluído).

j) A declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de entidades vencelladas ou dependentes destas.

k) Unha memoria detallada en que constan as características técnicas de produción e execución.

l) Xustificación do solicitante en que consten os motivos por que considera que a publicación corresponde a un gran proxecto.

3. A documentación relacionada nos puntos a) e b) poderá substituírse por unha declaración do presidente ou director da editorial, en que se faga constar que esta documentación se atopa plenamente vixente con respecto á presentada para este mesmo fin nas convocatorias de anos anteriores. No caso de editoriais estranxeiras non procede a documentación do punto c.

4. A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, en calquera momento, poderá pedir ás persoas ou entidades solicitantes que presenten a documentación complementaria que considere necesaria para acreditar os datos que figuran na solicitude.

5. A documentación que se presente coa solicitude debe vir obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada ou certificada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

6. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención pola persoa ou entidade interesada comporta a autorización ao órgano instructor - neste caso, a Consellería de Cultura e Turismo- para solicitar de oficio e de forma telemática as consultas de se encontrar ao día nas obrigas fiscais e tributarias, que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

7. Esta consulta farase de oficio e de forma telemática. No caso de que para o órgano instructor non sexa posible a obtención desta información, poderá requirirla directamente ao solicitante.

Artigo 5º.-Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada for incompleta ou presentar erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, rectifique a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer se considerará que desistiu da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Instrución do procedemento e selección de solicitudes.

1. Corresponde á Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. Co obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva, as solicitudes examínanse unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

b) Tres vogais: a xefa do Servizo de Bibliotecas, a xefa do Servizo do Libro e Publicacións e unha persoa vinculada laboralmente co ámbito do libro.

c) Un funcionario, que actuará como secretario.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

3. Esta comisión valorará os expedientes consonte os seguintes criterios, por orde decrecente de prioridade e coas puntuacións máximas que figuran na relación:

a) Calidade da obra, atendendo a criterios de estrutura, rigorosidade e coherencia: ata 12 puntos.

b) Calidade da lingua, atendendo á súa achega á lingua e á cultura galegas: ata 10 puntos.

c) Interese xeral en atención ao seu interese intrínseco, maior esforzo editorial, dificultade de comercialización ou ir destinadas a minorías da nosa sociedade con dificultades de acceso á cultura escrita: ata 10 puntos.

d) Calidade das obras contidas no catálogo: ata 8 puntos.

e) Fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante: ata 6 puntos.

f) Esforzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural mais de pouca demanda comercial: ata 5 puntos.

O informe que emita a comisión valorará a totalidade dos expedientes que cumpren os requisitos previstos nesta orde.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada concedendo subvencións, ata o límite do crédito disponible, a aqueles solicitantes que obteñan una puntuación mínima que será fixada pola comisión de valoración, após o exame das solicitudes. Esta resolución terá carácter de provisional cando concorran as circunstancias previstas no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes

valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 7º.-*Resolución.*

O conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Notificación e desestimación.*

O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa faculta o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 9º.-*Aceptación, xustificación e pagamentos.*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produciase manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida debidamente asinada polo representante do beneficiario.

Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, ao abeiro do disposto no artigo 25 da Lei de subvencións de Galicia.

2. A contía correspondente á primeira anualidade librarase, após a aceptación tácita ou expresa por parte das persoas beneficiarias, antes do 1 de novembro de 2010, e da entrega dunha copia do contrato asinado co autor ou autores, se for o caso.

3. Para o pagamento da segunda anualidade debe presentarse, antes do 1 de novembro de 2011, o correspondente número de exemplares da obra subvencionada.

4. O libramento do importe da axuda, mesmo nos dous prazos das anualidades previstos, realizarase de acordo coa normativa orzamentaria aplicable.

5. A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura en todo momento poderá solicitar calquera outra documentación que considere oportuna para a xustificación da subvención.

6. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta perante o órgano administra-

tivo competente, este requerirá ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Artigo 10º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios desta axuda quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións Galicia, e tamén ás específicas que figuran a seguir.

2. Na páxina de responsabilidades de cada un dos exemplares da tiraxe debe constar o seguinte texto: «Esta obra recibiu a axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, na convocatoria de axudas para o ano 2010».

3. As obras que se subvencionen publicaranse en galego, segundo a lexislación vixente.

4. Os beneficiarios das axudas, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a xustificalas segundo se indica nas bases desta convocatoria, así como a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal se concederon. A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo pode comprobar, cando o considerar conveniente, a execución dos proxectos.

5. No momento da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o petionario debe presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o proxecto subvencionado, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

6. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 11º.-Reintegro das axudas e procedemento sancionador.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións e axudas públicas percibidas cando conorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumpra algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a consellería de Cultura e Turismo instruirá un expediente sancionador, de conformidade co previsto no

título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-Recursos.

Contra esta orden e contra os actos resolutivos referentes a ela, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer o interesado recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo.

Artigo 13º.-Publicidade.

1. Os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, ao abeiro do disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006 do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. As entidades solicitantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, creado polo artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN, PRODUCCIÓN E EDICIÓN DO LIBRO GALEGO, NO QUE SE REFIRE Á MATERIALIZACIÓN DOS GRANDES PROXECTOS EDITORIAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT221B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

EDITORIAL _____		CIF _____	
ENDEREZO _____		PROVINCIA _____	LOCALIDADE _____
CÓDIGO POSTAL _____	TELÉFONO _____	FAX _____	CORREO ELECTRÓNICO _____

E, na súa representación

APELIDOS _____	NOME _____	NIF _____
ENDEREZO _____		LOCALIDADE _____
CÓDIGO POSTAL _____	TELÉFONO _____	CORREO ELECTRÓNICO _____

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR _____	
AUTOR _____	
PREVISIÓN DE TIRAXE _____	PREZO DE VENDA AO PÚBLICO (IVE incluído) _____

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia CIF entidade NIF representante. | <input type="checkbox"/> Certificacións de non ter contraídas débedas coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social nin coa Administración Tributaria. (En caso de non as remitir a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, de oficio, solicitará estes certificados aos órganos competentes). |
| <input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da representación que teña o solicitante e poder notarial. | <input type="checkbox"/> Calendario de investimentos. |
| <input type="checkbox"/> Fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas, ou certificado de exención. | <input type="checkbox"/> Características técnicas e memoria proxecto edición. |
| <input type="checkbox"/> Certificado bancario. | <input type="checkbox"/> Modelo de contrato que se asinaría co autor. |
| <input type="checkbox"/> Catálogo actualizado da produción realizada pola editorial. | <input type="checkbox"/> Memoria coas características técnicas de produción e execución. |
| <input type="checkbox"/> Declaración responsable das subvencións solicitadas ou percibidas polas obras presentadas. | <input type="checkbox"/> Previsión da tiraxe e prezo de venda (IVE incluído). |
| <input type="checkbox"/> Xustificación do solicitante polo que considera que a obra corresponde a un gran proxecto. | |

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, da contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 15 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a concesión de subvencións á promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire a materialización dos grandes proxectos editoriais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
E supletoriamente:
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS, E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS

Don/Dona con DNI nº

en nome e representación da entidade

con NIF nº

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a actuación denominada

a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE(€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE(€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non se acha incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste ante a Consellería de Cultura e Turismo, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)